



CONCELLO DE PONTEVEDRA  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
sede.pontevedra.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

EXPEDIENTE NÚMERO 2023/X999/000195

## TEXTO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO):

- “Engádense os parágrafos d), e), f), g), h) ao apartado 2 do artigo 5º :

**d)** *As construcións, instalacións ou obras que teñan por obxecto a implantación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, gozarán dunha bonificación do 95% sobre a cota do imposto, de acordo cos seguintes criterios:*

*d.1) Se a construción, instalación e obra a realizar está destinada exclusivamente á instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, para o cálculo da cota tomarase en consideración o orzamento total da obra. No resto de construcións, instalacións e obras, unicamente computaranse para o cálculo da cota con dereito a bonificación as partidas correspondentes á instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo. Para iso será necesario que o orzamento se presente desglosado na parte que corresponda a devanditas obras.*

*d.2) Deberá acreditarse a homologación, por parte da administración competente, dos sistemas implantados.*

*d.3) En todo caso para a aplicación desta bonificación non se terán en conta as construcións, instalacións e obras cuxa instalación sexa preceptiva de acordo co Código Técnico da Edificación (CTE) ou outras normas vixentes na materia.*

*As solicitudes serán enviadas á Oficina Técnica Municipal, xunto co Proxecto técnico das instalacións solares asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, no que virán xustificadas todos os aspectos definidos nesta ordenanza incluíndo o orzamento de execución material no que se especifiquen os custos detallados dos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, a fin de que poidan efectuar as comprobacións necesarias. Posteriormente, informará a Intervención Municipal e a resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local.*

**e)** *Unha bonificación do 50 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras vinculadas aos plans de fomento dos investimentos privados en infraestruturas.*

*Se a construción, instalación e obra a realizar está vinculada exclusivamente a plans de fomento dos investimentos privados en infraestruturas, para o cálculo da cota tomarase en consideración o orzamento total da obra. No resto de construcións, instalacións e obras, unicamente computaranse para o cálculo da cota con dereito a bonificación as partidas correspondentes aos plans de fomento dos investimentos privados en infraestruturas. Para iso será necesario que o orzamento se presente desglosado na parte que corresponda a devanditas obras*

*As solicitudes serán enviadas á Oficina Técnica Municipal, xunto co Proxecto técnico das construcións, instalacións ou obras vinculadas aos plans de fomento dos investimentos privados en infraestruturas asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, no que virán xustificadas todos os aspectos definidos nesta ordenanza incluíndo o orzamento de execución material no que se*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
sede.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

EXPEDIENTE NÚMERO 2023/X999/000195

*especificuen os custos detallados dos investimentos privados en infraestruturas, a fin de que poidan efectuar as comprobacións necesarias. Posteriormente, informará a Intervención Municipal e a resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local.*

**f) Unha bonificación do 50 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.**

*As solicitudes serán enviadas á Oficina Técnica Municipal, xunto co Proxecto técnico das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, no que virán xustificados todos os aspectos definidos nesta ordenanza incluíndo o orzamento de execución material no que se especificuen os custos detallados das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial, a fin de que poidan efectuar as comprobacións necesarias. Posteriormente, informará a Intervención Municipal e a resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local.*

**g) Unha bonificación do 90 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.**

**g.1) Requisitos para as obras:**

*g.1.a) Entenderase como construcións, instalacións e obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade as destinadas a:*

*g.1.a.1) Reforma interior da vivenda para a adecuación á discapacidade de calquera persoa que resida na mesma.*

*g.1.a.2) Modificación de elementos comúns do edificio que sexan paso necesario entre a vivenda da persoa con discapacidade e a vía pública tales como, escaleiras, ascensores, corredores, portais ou calquer outro elemento arquitectónico.*

*g.1.a.3) A aplicación de dispositivos electrónicos que sirvan para superar as barreiras de comunicación sensorial ou de promoción da seguridade de calquera persoa con discapacidade que resida nunha vivenda do edificio.*

*g.1.b) Non se entenderán como construcións, instalacións e obras as obras necesarias para o acceso e habitabilidade das persoas con discapacidade ás que, calquera que sexa o seu destino se realicen en inmobles que por prescrición normativa deban estar adaptados ou deban adaptarse obrigatoriamente.*

**g.2) Requisitos para as persoas.**

*g.2.a) No inmovle no que se van a realizar as obras bonificadas deberá estar empadroada a persoa discapacitada física ou sensorialmente. A estes efectos, o empadronamento no inmovle deberá manterse polo menos, dende a data de finalización das obras ata o remate do prazo para realizar a comprobación e/ou inspección fiscal correspondente.*



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
sede.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

EXPEDIENTE NÚMERO 2023/X999/000195

*g.2.b) Entenderase que teñen a condición de persoas con discapacidade as que teñan un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%, que deberá acreditarse mediante certificado emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia.*

*g.3) Requisitos mixtos.*

*g.3.a) Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte da cota correspondente ás construcións, instalacións e obras destinadas estrictamente a dita finalidade.*

*g.3 b) Os servizos técnicos municipais emitirán informe relativo á porcentaxe do orzamento de execución material afecto ás devanditas obras.*

*As solicitudes serán enviadas á Oficina Técnica Municipal, xunto co Proxecto técnico das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, no que virán xustificadas todos os aspectos definidos nesta ordenanza, a fin de que poidan efectuar as comprobacións necesarias. Posteriormente, informará a Intervención Municipal e a resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local*

*h) Unha bonificación do 90 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.*

*As solicitudes serán enviadas á Oficina Técnica Municipal, xunto co Proxecto técnico construcións, instalacións ou obras necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, no que virán xustificadas todos os aspectos definidos nesta ordenanza incluíndo o orzamento de execución material no que se especifiquen os custos detallados construcións, instalacións ou obras necesarias para a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos, a fin de que poidan efectuar as comprobacións necesarias. Posteriormente, informará a Intervención Municipal e a resolución corresponderá á Xunta de Goberno Local.”*

- Engádese o apartado 3 ao artigo 5º :

*“3.O importe conxunto de todas as bonificacións non poderá superar o 95% da cota íntegra do imposto.”*

- Engádese o apartado 3 á Disposición Final:

*“2. O Pleno do Concello aprobou engadir os parágrafos d), e), f), g), h) ao apartado 2 do artigo 5º así como engadir un apartado 3 ao citado artigo na sesión do 21.04.2023. Esta modificación entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”*